

AMEVO IX



En cumprimento do establecido na disposición adicional cuarta do Decreto 191/2007, do 20 de setembro<sup>1</sup> no que se recolle que: o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados por parte do alumnado con discapacidade basearase nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.

### Solicita

Que se fagan as adaptacións pertinentes para garantir unha proba de acordo cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes.

O/a alumna/o ..... con  
 DN/NIE ..... domicilio en ..... código postal .....  
 na rúa ..... nº ..... andar/porta ..... teléfono .....  
 correo electrónico ..... matriculado na .....

modalidade de libre para a PROBA DE CERTIFICACIÓN de nivel .....

BÁSICO de (ESPECIFICAR LINGUA) .....

INTERMEDIO de ..... no curso académico .....

AVANZADO de ..... no curso académico .....

**CERTIFICA** que presenta a seguinte dificultade sensorial ou motora que lle impide desenvolver con normalidade a devandada proba:

Asemade, para xustificalo, presenta os seguintes informes/certificados<sup>2</sup> emitidos polas seccións provinciais de cualificación e valoración de discapacidade:

..... de .....

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 12 de setembro de 2008 pola que se clasifica de interese social a Fundación Funditea.*

Visto o expediente de clasificación da *Fundación Funditea*, con domicilio en Vigo.

Supostos de feito.

Primeiro.-María José Ferradáns Villar, na súa condición de presidenta da fundación, formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Segundo.-A fundación foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo o día vinte e seis de decembro de dous mil sete, ante o notario César Cunqueiro González-Seco, co número de protocolo mil cincocentos trinta e catro, por María José Ferradáns Villar, Juan Manuel Ferradáns Villar e Amelia María Varela Caride interveñen todos no seu nome e dereito, e María José Ferradáns Villar intervén ademais en nome e representación dos cónxuxes Carlos Jesús López Ferradáns e Amor Admella Baulies. Esta escritura foi emendada por outras dúas outorgadas ante o mesmo notario en datas vinte e un de abril

de dous mil oito, con número de protocolo mil seiscientos cinco e dez de xullo de dous mil oito, con número de protocolo dous mil novecientos oitenta e un.

Terceiro.-A dotación inicial da fundación é de trinta mil euros, importe desembolsado integramente e depositado en entidade bancaria a nome da fundación.

Cuarto.-Segundo consta no artigo 6 dos seus estatutos, a fundación ten por obxecto mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade con especial incidencia nas persoas con trastorno do espectro autista, en adiante TEA.

A fundación desenvolverá esta misión concretando os seus obxectivos nas seguintes áreas:

a) Como entidade tutelar, asumindo o exercicio da tutela ou outras figuras xurídicas de garda e protección e a administración de bens de persoas con discapacidade, especialmente aquelas con TEA, legalmente incapacitadas.

b) Promovendo e xestionando recursos residenciais, de lecer e tempo libre e de rehabilitación psico-social e laboral que contribúan ao benestar ou á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade, especialmente aquelas con TEA.

c) Xerando emprego, mediante calquera forma legal, protexido ou non, para a integración laboral

<sup>1</sup> Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanza de idiomas de ensino especial e os currículos nos niveis básico e intermedio

<sup>2</sup> Este documento non ten validez sen documentación xustificativa

das persoas con discapacidade, especialmente aquelas con TEA.

d) Promovendo a formación nos seguintes eidos:

Realización de iniciativas relacionadas coa investigación sobre discapacidade especialmente sobre o trastorno do espectro autista, que poidan axudar na mellora da calidade de vida deste colectivo.

Formación de profesionais cualificados relacionados con este sector ou con outros ámbitos, particularmente os que teñen unha maior influencia na calidade de vida destas persoas (escolar, sanitario, empresarial...), así como doutras persoas que desexen máis formación sobre estes aspectos.

Formación social, laboral e académica de persoas con discapacidade, con especial atención a persoas con TEA.

Formación, orientación e asesoramento a familias de persoas con discapacidade, especialmente aquelas con TEA.

e) Difusión social dunha imaxe positiva e normalizada do concepto de discapacidade como diversidade funcional.

Quinto.-O padroado da fundación estará integrado por María José Ferradáns Villar como presidenta, Carlos Jesús López Ferradáns como vicepresidente, Juan Manuel Ferradáns Villar como secretario e por Amelia María Varela Caride e Amor Admella Baulies como vogais.

Sexto.-A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías eleva ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación de interese social da *Fundación Funditea*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como de interese social e a súa adscrición á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

Segundo.-De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, corresponde a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería

correspondente, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Terceiro.-A documentación achegada reúne os requisitos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, entre outros os establecidos nos artigos 11 e 12 referidos ao contido da escritura de constitución e dos estatutos.

Cuarto.-Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día oito de setembro de dous mil oito.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

#### DISPOÑO:

Clasificar de interese social a *Fundación Funditea*, adscribíndoa á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2008.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xusticia

*Orde do 12 de setembro de 2008 pola que se clasifica como mixta a Fundación Iblo.*

Visto o expediente de clasificación da *Fundación Iblo*, con domicilio en Oleiros (A Coruña).

Supostos de feito.

1. Antonio Rodríguez Sotillo, na súa condición de presidente da fundación, formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A fundación foi constituída en escritura pública outorgada na Coruña, o vinte e oito de maio de dous mil oito, ante o notario José Antonio Cuervo Somoza, co número de protocolo setecentos once, por Salustiano Carro Páramo, Antonio Rodríguez Sotillo, José Ramón Rodríguez Muñoz, Javier Valiño Vázquez, que actúan no seu propio nome e dereito, e por Celestino Hermida González, que actúa en nome e representación da entidade mercantil *Área 5.1 Factoría Audiovisual, S.L.* Esta escritura foi corrixiada por outra do dezasete de xullo de dous mil oito, ante o mesmo notario, con número de protocolo novecentos corenta e nove.